



XUSTIFICACIÓN

Ata hai pouco tempo, as mulleres estiveron invisibilizadas na historia, ausencia que segue presente na maioría dos libros de texto, nas rúas, en moitas profesións,... Por unha banda, ocultouse ás mulleres que foron relevantes na súa época. Doutra banda, podemos falar dunha invisibilización da historia das mulleres, daqueles aspectos ligados ás súas vidas, ao doméstico e o privado, que non foron suficientemente reflectidos e valorados na historia tradicional.

Así pois, tendo como obxectivo visibilizar o papel das mulleres na sociedade imos propoñer un paseo polas rúas de Carballo. Igual que sucede en todas as localidades, abundan os nomes de homes relevantes que gozaron de fama ou celebridade polas súas achegas á literatura, arte, medicina, música, ciencia,...sen embargo os nomes de mulleres son moi escasos. Na presentación que vos achegamos só hai algúns nomes de homes ilustres que aparecen no rueiro de Carballo, xa que o número é moi elevado, pero os de mulleres, son os únicos que puidemos atopar. Non se teñen en conta os nomes de santos e santas.

OBXECTIVOS

- *Visibilizar e valorar o papel das mulleres na sociedade.
- *Valorar que todas as profesións, estudos, traballos,... poden ser realizadas indistintamente por homes e mulleres.
- *Promover a igualdade de xénero.
- *Visibilizar referentes de mulleres ilustres en todos os campos: científicos, deporte, letras, artes,...

MATERIAIS

- *Presentación Powerpoint sobre as rúas de Carballo e 6 pioneiras galegas (libro Pioneiras)
- *Ficha para compartir coa familia na que se solicita un nome dunha muller ilustre que merece unha rúa, museo, parque,..en Carballo.



ACTIVIDADE

Presentaremos o Powerpoint á clase e reflexionaremos sobre a falta de equilibrio entre nomes de homes e mulleres ilustres e as súas profesións no rueiro de Carballo.

Se se quere compartir despois esta actividade coa familia, tedes un PDF para enviar ás casas e que sexan eles os que investiguen sobre algunha muller ilustre relacionada con Carballo, preferentemente, e facer despois o noso propio recoñecemento na aula.

Pódese facer en cada escola un panel con todas esas mulleres ilustres que nos vaian traendo e facer así unha homenaxe.

INDO MÁIS ALÁ

Aproveitar esta actividade para promover a conciencia social. Unha vez elixida unha muller que ben merece ser coñecida polo seu traballo, valor,... poderíase escribir unha carta ao alcalde de Carballo solicitando unha rúa, praza, parque, escola,...con ese nome.

Esperamos que a actividade vos pareza motivadora. Que cadaquén o adapte como lle pareza máis oportuno, traballando en maior ou menor profundidade dependendo do tempo que se dispoña. Non se concretará en ningún traballo final, cada escola ao seu ritmo.